

O IRMANDINO

PERIÓDICO GALEGO

ÓRGÃO DA IRMANDADE GALEGUISA DO URUGUAY

Año I	Dirección e Administración: PIEDRAS, 411	Montevideo, Decembro de 1934	Núm. 2
-------	---	------------------------------	--------

PARDO DE CELA RAZA, LINGUA, CULTURA

A Javier Rodriguez Meijide.

"O Irmandino" que naceu pra vivir na nosa coleitividade, oxe ten de lembrarse d'un morto ilustre que pra honra dos galegos dou a súa vida pol-a libertade de Galiza.

Falamos do Mariscal Pardo de Cela; do home galego que o cerralos ollos o mundo pra entrar no seo da inmortalidade, adquiriu o seu nome todol-os relieves d'un héroe. Os homes que dan a vida pol-a libertade non son mártires; ¡son héroes!

O cumprirse un aniversario mais da súa morte, temos de darlle ceibe camiño aos impulsos vibrantes do noso espírito galego, pra que as cordas do corazón nos xacudan as durmilleiras rexions da nosa ialma que a berros pide xusticia pros homes grandes e rivindicacions pros seus sucesores.

Aló pol-o século catorce, pouco dinpois da guerra dos Irmandinos, cando Galiza sintía morrer as suas libertades, surxeu a rexa e varil figura d'aquel cabaleiro, no intre qu'os reies católicos querían sumir o pobo galego baixo a súa hexemonia abafante e potencial.

Cando ocorreu en Castela o falescimento de Enrique IV foi cando Pardo de Cela surxeu coma un caudillo de aquel movemento de emancipación galega. El que era un rexo loitador por levar o reinado a doña Xoana de Beltranexa, por entender que d'este xeito Galiza tería a libertade que merecía, non pudo ver coroadas de éisito as suas aspiracions; mais non foi d'abondo pra que él depuxese a súa aitude que por ser tan patreótica veuse coroadada co mais grande dos éisitos, cando todo pobo galego sin distinción de crases foi a prestarlle a súa axuda en col das libertades galegas.

Velhei que o nome do Mariscal popularizouse d'un xeito tal, que hastr'os Irmandinos que non habían percorrido moitas datas loitaron contra él, foi enton cando se xuntaron pra combater aos reies de Castela.

Os señores feudales galegos que pra desgracia d'eles eran os mesmos amedrentados que fuxian o berro clamoroso do pobo buscando achego no reinado de doña Isabela e de don Fernando de Aragón, deixaron de ser galegos pra seguir sendo feudales; mais o Mariscal que tamén era un de tantos feudales, deixou de ser feudal pra ser galego.

Aitude patreótica d'un home que podendo ter total-as prevendas do goberno, renuncia a elas pra xuntarse co pobo; co pobo humilde e probe; probe de libertade e de diñeiro. Asi él tamén senteu a probeza. Senteu a nostalxia da libertade que sinten os homes cando n-eles imperan por enriba dos intréises, o craro senso da patrea libre e de xusticia pra todol-os cidadans sin distinción de ideas nin de crases.

Os reies católicos que ouservaban o incremento que viña tomando o galeguismo que tiña por cabezoleiro a Pardo de Cela, non alcontraban os medeos pra abafar aquel rexurdimento do nose pobo. De aquel pobo sumiso na obriga pero rebelde na inxusticia. Foi enton cando o goberno apelou a traición.

Esgotados pois todol-os recursos de que poidían valerse os reies alcontraron no capitan francés Lois de Mudarra, o que desexaban as suas ambicions egoistos e o mesmo tempo cobardes. O dito capitan pra cumprir as ordens dos seus señores valeuse da cativa maña que de cote empregaron e empregan os homes sin vontade e sin diñidade. Asi sobornou aos criados do Mariscal, pra logo ca sua xente disfrazada penetrar na forteza da Frouseira e vilamente apoderarse de Pardo de Cela, do fillo e de outros que se alcontraban n-ese intre con él.

Esto ocorreu o 7 de Nadal do 1483; foron levados dimpois a cadea de Mondoñedo e alí pagaron cas suas vidas tan cheas de esperanza o Mariscal e o seu fillo.

Conviña xa que tivera remate a falseira idea isa confusionista que teima de misturar nun o dúplice concepto dos nazionalismos, según coida decote unha caste de espíritos burdos e simplistas, xentes todas ô marxén da fluencia do pensamento vivente e do senso histórico. Conviña non iñorar, na dinámica do tempo actual, ise concepto dual dos nazionalismos: o agresivo nazionalismo estatal e imperialista i o que resurde soerguendo os valores en xermen das patrias naturales, das comunidades culturais oprimidas baixo dunha dominazón política.

A aquil nazionalismo orguloso, absorbente, beato do Estado fetiche cumpre acentualo co seu propio calificativo, o que reclama a sua fisonomia verdadeira: "estatismo"; ou sexa unha forma política apreixando e oprimindo, nunha estrutura artificial e tiránica, as entidades naturales das patrias vivas. O contrario, percisamente, é nazionalismo puro; o resurdir de isas comunidades culturais cara a unha armonía con fundo na natureza e na liberdade. Eis a difrenza.

De engádegas, ises mesmos espíritos simplistas e perguizosos afeixan e trabucan, con miope ollada, o valor dos termos — como iles os conciben, tan dispares — de "raza" e "cultura". Conviña, tamén, non iñorar que oxe, tal o mundo e o seu deseño "humán", a raza, o racismo, na sua estricta acepción biolóxica, é imposibel. A raza só concíbese, socialmente, como unha mistura de tipos e sangues que teñen un idioma común. A raza é a lingua, como afirmou reiteradamente o Unamuno. A lingua — que non é so-

O 17 d-este mesmo mes, na praza de Mondoñedo foi guillotinado o defensor mais grande que tivo Galiza en col das suas libertades. Oxe, 451 anos dinpois temos de lembranos d-este endebebel acontecemento; mais non ha de ser no estilo pereodístico nin no discurso protocolar, sinon seguindo seu exempro de rebeldía e patreoteco, pra que dimpois de tantas vegadas trascurridas sexamos seus diños sucesores, demostrando o Mundo quens foron os homes esquencidos pol-o prexucio politeco que domina os pobos.

Este é o mellor homaxe que podemos ofrendarlle:
¡Sendo galegos en vida pol-a causa da súa morte!

HINO GALEGO

Casta dos celtas, esperta axiña,
ergue do fango da escravitú.
Patrea da yalma, teus ceibes cantos
henchan o mundo de norte a sul.

Cantai galegos
o hino xigante
dos pobos libres
dos pobos grandes.
Cantai galegos
a idea santa
da independenza
da nosa Patrea.

Dos meus pasados, bendita terra
nai amorosa da mifia nai
Creva as cadeas, que te asoballan
e cingue a croa da libertá.

Cantai galegos, etc. etc.

Alfredo Brañas Méndez.

(Foi esquirto pra música de
"Talbo".)

Da traxedia "O Mariscal" de Cabanillas e Villar Ponte

¡Camino de ferradura
que levas a Mondoñedo!
Nova rúa da Amargura!
¡Ou, vereda de inxustiza
pol-a que rube ô martirio
o redentor da Galiza!
¡Dalle paso doce e brando,
que tamén él vai doido,
antre saións e sangrando!
¡Tamén él, todo bondade,
leva ás costas a cruz sagra
d-un sono de libertade!
¡Tamén él, cheo de dores,
vai con coroa de espiñas
posta de man de treidores!
¡Tamén él murcho e maltreito,
como rosa de pasión
leva unha chaga no peito!
¡Camino de ferradura
aberto ô paso da Morte
na noite tristeira e escura,
leva con paz e sosego
ô soñador d-unha patria,
ô novo Cristo galego!

mentes un simple conxunto de verbas, — supón un xeito orixinal de ollar i expresar as cousas. A lingua, pois, é o rasgo característico dunha cultura, a sua base mais firme. (Tan, é así que se non pode soster seriamente que eisista unha cultura firmemente difrenzada, marcada, integrad, sin unha lingua propia que a sosteña. Exemplarizando, podemos citar a Suiza, a Bélxica, a Austria, das que se non pode afirmar rigoro-

